

# ACTIVIDADES 6º de EDUCACIÓN INFANTIL

## TAREFAS #EUQUEDONACASA

30/03/2020

Aclárase que as actividades propostas **son de reforzo educativo**, de realización voluntaria e non terán carácter avaliable. Ofrécense múltiples alternativas e suxerencias para aquelas persoas que así o consideren.

| <b>SUXERENCIA DE PLANIFICACIÓN DIARIA</b><br>(cantidade máxima de actividades didácticas/curriculares diarias) |  |
|--|--|
| <b>1º TAREFA</b>   | Rutinas de calendario e climatoloxía.  |
| <b>2º TAREFA</b>   | Realizar unha ou dúas actividades do Bloque de Lectoescritura.   |
| <b>3º TAREFA</b>   | Tempo breve de xogo libre.   |
| <b>4º TAREFA</b>   | Realizar unha ou dúas actividades do Bloque de Lóxica-Matemática.  |
| <b>5º TAREFA</b>   | Tempo breve de xogo libre.   |
| <b>6º TAREFA</b>   | Desenvolver unha actividade creativa das que se achegan no Bloque de <i>outras actividades didácticas</i> .<br>Consultar algún dos recursos do Universo. |

## RUTINAS DE CALENDARIO E CLIMATOLOXÍA

A cotío **é importante planificar o día** e ter unha rutina para saber que cousas imos facer, e como nos imos a organizar, así como marcar os tempos e as actividades. Deste modo, recomendamos, tódolos días:

- Marcar no calendario o día no que estamos e ter conciencia do día da semana, o día do mes, o mes, o ano e a estación.
- Debuxar no calendario, ou nun papel o tempo/climatoloxía que fai nese día.

Se precisades planificadores ou calendarios imprimibles e descargables deixamos esta proposta elaborada por Ana Couñago, para Aulas Galegas:

<http://aulasgalegas.org/planificadores-semanais/>

- Identificar a emoción que nos invade ese día. Podemos empregar o **Diario de emocións** elaborado por Fátima Rúa para Aulas Galegas, accesible aquí: <http://aulasgalegas.org/o-noso-diario-de-emocions>



## LECTOESCRITURA

Ao longo do primeiro trimestre, e despois das vacacións de Entroido, ao alumnado e ás súas familias, se lles enviaron as **instrucións de acceso ao material didáctico dixital**, así como aquelas que dan acceso a **recursos de ampliación**, cos códigos necesarios para darse de alta na plataforma.

Deste modo, **recoméndase** que se dean de alta na plataforma e web de SM (<https://login.educamos.sm/>), tal e como se indica nas instrucións, e se unan ao grupo correspondente da súa titoría. Deste modo, terán acceso a múltiples **actividades educativas relacionadas coa iniciación á lectoescritura**, grafemas: l, m, p, s, t, d, n, entre outros.

### MATERIAL FOTOCOPIABLE E IMPRIMIBLE, FACILITADO POLA EDITORIAL SM

As seguintes actividades didácticas que achegamos, poderán reforzar os contidos didácticos desenvolvidos ata o momento. Co seguinte plan de traballo:

- Realizar **unha ou dúas páxinas de Luns a Venres**.
- Realizar as actividades con **lápiz e repasar** éstas con rotulador ou ceras, colorear e/ou decorar a folia. (deste modo, non é necesario imprimilas a cor, en branco e negro, é suficiente)
- Aproveitar o folio por detrás para **realizar un debuxo** relacionado co grafema correspondente.
- **Escribir o nome** con lápiz e repasalo con ceras ou rotuladores de cores (en maiúsculas ou minúsculas segundo o seu nivel)
- **Escribir a data** co seguinte formato: LUNS 23, MARTES 24, MÉRCORES 25, etc.

Actividades de **Lectoescritura Nivel 1**, accesibles, descargables e imprimibles aquí

<https://drive.google.com/open?id=1wetKwDxyLPKmds3eMecJi2EY8Alu-C93>

Actividades de **Lectoescritura Nivel 2**, accesibles, descargables e imprimibles aquí:

[https://drive.google.com/open?id=1qXa\\_ZGNjZnLDdgB\\_Cofl2JrEU95Zfx\\_t](https://drive.google.com/open?id=1qXa_ZGNjZnLDdgB_Cofl2JrEU95Zfx_t)

Actividades de **Lectoescritura Nivel 3**, accesibles, descargables e imprimibles aquí:

[https://drive.google.com/open?id=1\\_IFQAos4SW4-gYTU5\\_O3ydrTrzZC8dhM](https://drive.google.com/open?id=1_IFQAos4SW4-gYTU5_O3ydrTrzZC8dhM)

-----



## LÓXICA-MATEMÁTICA

As actividades didácticas que achegamos neste bloque, servirán para afianzar e reforzar os contidos didácticos desenvolvidos durante o primeiro e segundo trimestres. Ao igual que no apartado de lectoescritura, propoñemos o mesmo plan de traballo:

- Realizar **unha ou dúas fichas de Luns a Venres**.
- Facer as fichas propostas con **lápiz e repasalas** con rotulador ou cores, decorar as fichas con debuxos, pegatinas, purpurina, recortes...
- Aproveitar o folio por detrás para **realizar series numéricas, de cores, de obxectos...**
- **Escribir a data** en maiúsculas repasando despois con cores ou rotulador a data numérica (exemplo LUNS 30, MARTES 31...).

A continuación facemos a proposta didáctica de actividades lóxico-matemáticas agrupándoas en dous grandes bloques:

### **ACTIVIDADES DESCARGABLES E IMPRIMIBLES:**

Neste bloque preséntanse unha serie de fichas que os nenos e nenas poden descargar e imprimir nas súas casas. Recómendase facer unha ou dúas fichas por día. No caso de non ter o voso alcance unha impresora ¡non vos preocupedes! Xa que no seguinte bloque de actividades lóxico-matemáticas propóñense moitos xogos e dinámicas cos cales os nenos e nenas aprenderán igualmente unha gran cantidade de contidos matemáticos á vez que afianzarán os xa acadados durante este curso.

- **Fichas para traballar as sumas:**

<https://drive.google.com/file/d/1lsyk-MJlQ6i18OY0ejW5XGI0XPtMo8V/view?usp=sharing>

- **Fichas para traballar os complementos do 10:**

<https://www.actiludis.com/wp-content/uploads/2013/07/Complementos-del-10.pdf>

NOVO

## ACTIVIDADES LÚDICAS E DINÁMICAS:

Sendo conscientes de que moitos nenos e nenas non terán a súa disposición unha impresora nas súas casas, e como son moitos os días que estaremos nelas, queremos propoñervos outro tipo de actividades lúdicas e dinámicas para que os pequenos e pequenas pasen un rato divertido aprendendo múltiples contidos.

### - Xeometría con dinosaurios:

A idea consiste en recortar varias formas xeométricas con goma eva, cartolinas, folios de cores, folios brancos coloreados... e con elas os pequenos deberán crear dinosaurios tal e como a súa imaxinación lles permita. Adxuntamos un exemplo na seguinte imaxe.



### - Razoamento lóxico con Chupa-Chups

Esta actividade consiste en crear **un material que os nenos e nenas estruturarán lóxicamente**. Farano por cores, tamaños, estampados... ¡todo o que se lles poida ocorrer! Unha vez listo xogarán con el clasificandoo según distintos criterios. Exemplo: facer series de cores vermello-azul-amarelo.


Adxuntamos un exemplo na seguinte imaxe.



- **Cantidades e números de forma manipulativa:**

Para aprender a relacionar as cantidades cos números escritos, propoñemos unha actividade moi visual e divertida. Os nenos e nenas teñen que crear diferentes formas con cartolinas, as cales lles servirán para contar os elementos que correspondan ó número que se lle ensine.

Recomendamos, que do 0 ó 4 utilicen só unha forma e que para crear o resto de números se usen outras formas diferentes.. Así poderanse fixar en cantos elementos máis (a partir do 4) necesitan para crear cada número.



- **Dossier de xogos manipulativos para Educación Infantil:**

Propoñemos a continuación un conxunto de 20 xogos para traballar e fomentar as capacidades lóxico-matemáticas nos nenos e nenas. Estes son:

1. Ordear de maior a menor
2. Facer series
3. Descomposición numérica
4. Panela dos números
5. Axenda telefónica



6. O panel dos números
7. Tabla de dobre entrada
8. Trens de pinzas
9. Abanico de números
10. Figuras xeométricas en grupo
11. A rúa das sumas
12. Xogo de sumas
13. Xogo de sumas e restas
14. Máquina para sumar
15. Cinquillo infantil
16. Pesca de peces
17. Sumamos e ¡ó vaso!
18. Busca as sumas
19. Á diana

Pinchando na seguinte ligazón da web Orientación Andújar (recursos educativos accesibles e gratuitos) podedes encontrar unha descripción detallada de cada unha das actividades citadas:

<https://www.orientacionandujar.es/wp-content/uploads/2016/04/dossier-de-juegos-matemáticos-infantil.pdf>

- **Xogos con tapóns reciclados:**

Durante estes días podedes unirvos á reciclaxe de tapóns (de cartóns de leite, de botellas de auga, de zume...) e con eles facer 10 xogos moi entreteñidos:

- Xogos con cores
- Sumas e restas
- Seriacións
- Sellos
- Xogos de memoria
- Texturas
- Maracas
- Xogo do 3 en raia
- Abecedarios
- Xogos con letras para formar palabras

Pinchando na seguinte ligazón podedes ver un vídeo onde se explica como realizar cada un deles:

[https://youtu.be/rHTM\\_-b0F6E](https://youtu.be/rHTM_-b0F6E)





| DÍA         | ACTIVIDADE  |
|-------------|---|
| LUNS 23     | Traballo didáctico do <b>Conto O Monstro de Cores</b> , elaborado por Helga Vázquez Regueira.<br><br>Accesible aquí: <a href="http://aulasgalegas.org/monstro-de-cores/">http://aulasgalegas.org/monstro-de-cores/</a>  |
| MARTES 24   | Elaboración de un <b>pau de choiva</b> con material de refugallo, proposta elaborada por Mónica Sánchez e Adriana Seoane: <a href="http://aulasgalegas.org/pao-de-choiva/">http://aulasgalegas.org/pao-de-choiva/</a>   |
| MÉRCORES 25 | Construción de letras e grafemas <b>con pezas de Lego ou doutro tipo</b> , ou inclusive, outros materiais de refugallo, tales como tapóns de botellas, :<br><a href="http://aulasgalegas.org/facemos-as-letras-con-bloques-de-cores/">http://aulasgalegas.org/facemos-as-letras-con-bloques-de-cores/</a> |
| XOVES 26    | Actividades didácticas do <b>Conto Cocorico</b> : <a href="http://aulasgalegas.org/picoti-picota/">http://aulasgalegas.org/picoti-picota/</a>   |
| VENRES 27   | Sesións de <b>ioga para crianzas</b> , proposta elaborada por Sandra Pérez, coa colaboración de Ruth María Varela, accesibles aquí:<br><br>1ra. sesión: <a href="http://aulasgalegas.org/sesions-de-ioga-para-infantil/">http://aulasgalegas.org/sesions-de-ioga-para-infantil/</a>                       |



Para comezar esta nova semana propoñémosvos que fagades unha serie de retos. ¿Animádesvos? Cada día que consigades alcanzar o reto, os vosos pais e nais deben darvos una estrela (feita con papel por exemplo) e se ó final da semana conseguídes as 5 estrelas ¡PREMIO! Podedes ver unha película que vos guste cos vosos pais e nais, facer un biscoito, xogar a un xogo de mesa, facer un debuxo con pintura de dedos...¡o que consensuedes coa vosa familia! :)

| DÍA     | ACTIVIDADE  |
|---------|---|
| LUNS 30 | <b><u>Reto 1 :</u></b><br><br>Recordade comezar o día coas rutinas de sempre, poñendo o calendario, mirando ou escribindo que día da semana é, en que mes estamos, que tempo fai hoxe... Recordade que para traballar as rutinas tiñades exemplos descargables e imprimibles na seguinte ligazón: |



<http://aulasgalegas.org/planificadores-semanais/>

Pero tamén vos propoñemos un reto. Podedes facer vos mesmos os vosos paneis para traballar as rutinas na casa dunha maneira moi sencilla e á vez divertida. Así, propoñemos que fagades o panel do tempo debuxando e escribindo todo o necesario para confeccionalo.

Só precisades unha cartolina grande, unhas cores e uns velcros. Se non dispoñedes de cartolinas (o máis probable) podedes xuntar 4 folios con celo e decoralos como máis vos guste (cunha ventá como se amosa no debuxo ou con calquera outro diseño que vos querades). E como é posible que tampoco teñades velcro na casa unhas pinzas da roupa pódennos servir para suxeitar as diferentes tarxetas climatolóxicas. Adxutamos a continuación un exemplo dun panel climatolóxico.



¡Esperamos que vos saían chulísimos!

MARTES 31

**Reto 2:**

Hoxe propoñemos unhas actividades de lectoescritura (ademáis de facer unha ou dúas fichas das recollidas no bloque de lectoescritura sempre que teñades acceso a unha impresora). O reto de hoxe divídese en 3 tarefas:

- Pedídlle ós vosos pais ou nais que vos escriban os nomes de compañeiros e compañeiras da vosa clase e vos tedes que recoñecelos e intentar escribilos (o que sexa capaz que o intente escribir sen mirar).
- Os vosos pais ou nais teñen que escribir o nome dos vosos compañeiros e compañeiras de clase ou dalgún familiar pero faltándolle alguna letra e vos tedes que intentar descubrir que letra falta e completalos nomes.
- Escribide en grande os vosos apelidos e repasalos con diferentes materiais como lentellas, papeis rasgados, arroz, plastilina ... ¡todo o que se vos ocorra! Adxuntamos un exemplo con plastilina.





MÉRCORES 1

**Reto 3**

¡Empecemos o día cun pouco de arte! Hoxe propoñémosvos facer unha manualidade traballando e coñecendo ó pintor Mondrian. Indagade na rede e buscade quen é, onde naceu, que lle gusta facer...

Despois buscade un cadro del que vos guste é... ¡convertídevos en pintores por un día plasmando unha copia dun cadro seu!

Axuntamos a continuación algún exemplo:



E para rematar este reto e xa que non podemos saír de casa... ¡visitemos un museo pinchando na seguinte ligazón!

[https://www.canva.com/es\\_mx/aprende/conoce-virtualmente-36-museos-y-lugares-increibles/](https://www.canva.com/es_mx/aprende/conoce-virtualmente-36-museos-y-lugares-increibles/)

¡Esperamos que disfrutedes moito!

XOVES 2

**Reto 4:**

Hoxe propoñémosvos convertiros en actores por un día. O que tedes que facer é elixir un dos vosos contos favoritos e intentar representalo. Pódese animar a toda a familia a participar na representación do conto (pais, nais, irmáns, irmás...). Os que sexades capaces intentade ler palabras ou partes do conto vos sós. Se non podedes pedídlle a un adulto que volo lea.

Este reto é demasiado sinxelo ¿verdade? Así que ímolo complicar un poucoiño

máis. Deste modo, imos facer a representación do conto con títeres elaborados por vos. Para isto podedes usar telas vellas, uns calcetíns vellos que poidades recortar e pegarlle complementos (por exemplo uns botóns simulando que son os ollos). Unha vez que teñades todos os títeres podedes facer a representación para os membros da vosa familia.



VENRES 3

**Reto 5:**

Para rematar a semana propoñémosvos un reto moi especial. Seguramente que a estas alturas moitos de vos teñades un arco da vella debuxado e coloreado nunha ventá das vosas casas. Pois hoxe queremos que coñezades un conto moi especial que se titula a “A historia do arcoiris”. Podedes velo na seguinte ligazón:

<https://youtu.be/8reivSdceto>

¿Gustouvos? Agora pedímosvos que fagades tres tarefas:

- A primeira e que busquedes polas vosas casas 5 obxectos de cada cor do arco da vella. Para facelo máis divertido ¡imos poñer tempo! Tedes 3 minutos para buscar cada obxecto.
- A segunda tarefa que vos propoñemos é que debuxedes e coloredes un arco da vella e o peguedes nunha das ventás da vosa casa. Se algún neno xa o ten feito pode facer outro pero desta vez utilizando diferentes materiais como algodón, macarróns pintados... ¡todo o que se vos poida ocorrer!
- E xa para rematar imos a traballar un poquiño a lectoescritura escribindo **“todo vai saír ven”, “eu quedo na casa”**





|  |   |
|--|---|
|  | <p>¡ÁNIMO NENOS E NENAS! Estádelo facendo xenial. E xa sabedes...<br/>¡quedade nas vosas casiñas!</p> |
|--|---|

Por outra banda, e se queredes/precisades máis actividades plásticas ou doutro estilo, recomendamos os recursos e actividades albergadas na plataforma "Aulas Galegas" ([www.aulasgalegas.org](http://www.aulasgalegas.org)), e na que algún profesorado da nosa escola colabora na elaboración de recursos que se van actualizando a cotío. A ligazón de acceso ás actividades didácticas de Educación Infantil é o seguinte:



# Aulas Galegas

<http://aulasgalegas.org/category/educacion-infantil/>

## Todo sairá ben



Asdo.: Helga Vázquez Regueira (6º A Ed. Infantil)

Asdo.: Sandra Brandariz Castro (6º B Ed. Infantil)